

Por unha palabra tan só. Poema para @s máis nen@s

Alberte Momán

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

MOMÁN, ALBERTE (2012 [2010]). *Por unha palabra tan só. Poema para @s máis nen@s*. Ponteareas: A Peneira. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*.
<<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1897>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

MOMÁN, ALBERTE (2010). *Por unha palabra tan só. Poema para @s máis nen@s*. Ponteareas: A Peneira.

* Edición dispoñíbel desde o 24 de febreiro de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

Por unha palabra tan só

Poema para @s máis nen@s



Alberte Momán

Por unha palabra tan só
Poema para @s máis nen@s

ALBERTE MOMÁN

1ª edición: xuño de 2010

Este libro é distribuído co xornal A Peniera.



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste libro sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome do autor.
- Non derivados: Non se pode alterar, transformar, modificar ou reconstruír os textos nin as imaxes.
- Non comercial: Non pode empregarse este traballo con fins comerciais.

que acontecería se perdésemos
unha palabra tan só?

debeu ser Pin tan só
que plantexase en soliloquio
esa pregunta

unha palabra tan só
e as **árbores** deixarían de ter **follas**
e as **follas** un lugar
onde prenderse
as **pólas**
e as **pólas** liques
que reverdecesen o seu contorno

Pin precisaba unha palabra
tan só
e con ela
toda unha linguaxe

como filtran no vento
os obxectos a súa esencia
sen un nome
unha palabra tan só
que as defina?

e na soidade
por non poder dicir
-vén mesa
que as cadeiras agardan!

de como soubo Pin
da amizade entre elas
é outras historia

-habería marea

que acompañase o **vento**
sen **vento** e sen **marea**?

preguntou un Pin desconcertado
unha mañá
dun gris caduco
na aula da escola
que facía un turbio amencer
polos estentóreos risos
de amigos e compañeiros

-un aroma

sen **rosa** e sen **aroma**?

continuou
sen descanso posible

-un castigo

sen a **linguaxe** e o **pecado**?

e a mestra de aritmética
pechou a porta tras súa
para acompañalo á enfermería

por unha palabra tan só
a papoula
tingue de vermello as superficies
porque o verán é moito máis
que unha expresión

abre as pálpebras
á mañá
á noite
por unha palabra tan só
por un sentimento
tan indescritible
que fica pendente
da mímica do xesto

nesa cadencia
a linguaxe sobrevive
porque é quen de subtraer
bágoas
sorrisos
caricias
da figuración dun sentimento

os sabores
ese conxunto tan dispar
de sensacións
amalgamadas nunha palabra
e nos termos dun particular
dun todo disperso

termos que xogan a cruzarse entre si
facendo novos sabores
que acoden
aos beizos
á lingua
para mesturarse coa brisa
e filtrarse no ouvido
co son propio da linguaxe

*-que faría sen ti
choiva
rochas nas que a auga
esvara?*

no valor dos obxectos
que nomea
Pin é outro el
percibindo a esencia da palabra
no tacto
nun aroma distinto
na diferente visión
para conformar
con todo
unha idea

a Pin gústalle nomear
os obxectos
pechar os ollos e imaxinalos
perdéndose na forma das letras
na súa significación
na riqueza dos idiomas
identificándose con eles
cunha terra que lle é fiel
porque baixo os pes
ten forma
de **t**
de **e**
de **dobre r**
de **a**
cunha cor que a identifica

n

e

g

r

a

un aroma
e a forma de conca das mans
cando a prende con agarimo

Pin ama a linguaxe
o idioma

porque lle sabe a **rúa**
asfalto
edificio
farol

porque lle sona
a **voz** veciña
ao **bus** que o leva á **escola**
porque lle arrecende
a **sabas** limpas de mañá
a **almorzo**
e a **cea** quente ao volver para casa

son das palabras máis vellas
de onde saen os anos
a súa concepción

son as máis novas
a mocidade inxenua do futuro
do tempo que está por vir

Pin fica evolucionando
coas palabras que aprende
cada día
facendo dos anos pasados
a moza inxenuidade do futuro

as pegadas
con Pin
son os significados
que o tempo vai deixando
sobre a pel

cada unha ten un nome
que Pin vai recollendo
como escrito en pequenos anacos
de papel
deitados no chan

son a aprendizaxe dun camiño
dominado pola linguaxe
que el mesmo lle outorga
como a composición de frases
sobre unha liña de horizonte
que remata aló
onde se perde a vista

Pin soña
con canto é quen
de nomear
de apalpar
de ulir
de degustar

como cun sentido máis
o soño constrúeo con palabras
transfórmao con palabras
e con palabras esqueceo
ao espertar

forxa Pin
unha personalidade
segundo os significados
que lle outorga ás palabras

facendo un camiño tan firme
como unha pedra que abala
e no ir e vir
afirmase a si mesmo
diante do vento
a terra
o mar
e as estrelas

na súa redondez
o 'a'
reafirma
a rotundidade das palabras

o 'e'
xoga coa ambigüidade
dos termos

o 'i'
canta
como os paxaros
rodeado de consonantes

o 'o'
mostra asombro
na súa inocencia

o 'u'
carecendo de tetos
rumia os significados
carentes de sentido
para que Pin
lles vaia dando forma

xogando cos termos
e os seus significados
no camiño
as fochancas
non son máis que
buracos informes
de fondura variable

os obstáculos
sortéanse
coa velocidade do vento entre os beizos
nun monosílabo
e a ledicia
de velos afastarse
mentres avanzamos

e sabe Pin
que o idioma
é como unha conspiración
onde un todos e todas
implícito
fai comprensible
a existencia dos obxectos
das súas cores e formas
diversas
dun eu
ti
ela
que comparten a mesma forma
de ver o mundo

Pin

cobre as superficies
coa tinta dos seus versos
coas palabras
recollidas da paisaxe
dos obxectos

aprendidas tamén
doutros voces
que procuraron das cinzas
os sons da diversidade
para descifralos
e facelos seus
para sempre

E Pin fala

Tamén agora a mao
quere voar
Francisco Domínguez Romero
poeta e amigo

trouxemos do tempo un verso
sacando da memoria as palabras
o son
dunha man
trémula

ficamos en silencio aínda un pouco
trazando docemente
o futuro

(I)

son as palabras
coma o vento
a perderse nas mareas

(II)

saco as palabras
dun deserto
de murmurio e silencio

(III)

sobre a area
no deserto
as árbores de pedra
calan

son as rochas
as que me falan
da altura das montañas
que piso

dende as que berro
un 'eu'
ben forte
e se me mostra a terra húmida
que hei pisar na baixada

falo coa forza das verbas
que dependín
no máis fondo dos vales
no máis alto das montañas
da terra que levo adherida
nas engurras da miña pel

coa dureza da historia
nas rochas
que construíron vilas enteiras
camiños sinuosos
entre frondosos arboredos

coa firmeza do pasado
que me flúe polas veas
camiño do futuro

o pensamento váiseme
polas chairas
sobre unha herba que zoa
acompañando ao vento na partida

nunha memoria
que se fixo con palabras
constrúo a imaxe do que vou deixando
nas viaxes
para ver outros eu
diferentes
que se comunican
coas linguas que vou aprendendo
cos pasos
nunha terra que non me é máis
allea

fico contigo entre os beizos
levándote comigo
aló onde vou
miña terra

as viaxes achéganme aínda máis
ao teu arrecendo
de terra húmida
ás cores da alborada
e un solpor
que se baña nas túas augas

lévote comigo
como a terra
sempre fértil
que se adhire ao meu calzado

chego a abranguer
a significación da viaxe
esparecendo as verbas
que contiven até agora
para mostrarllos ao mundo
co ritmo incansable
dos meus pasos

somos un
inseparables
terra

ficamos unidos por unha verba
tan só
que agroma dos lazos
entre ambos
uníndome ás túas superficies
e falándome de todo
canto é posible aprender

ti e máis eu
un
como flor e primavera
un
como historia e pasado

todas as idades
nun só corpo
un ti e máis eu
que brilla
nun camiño
que é pervivencia
da nosa estirpe

